


FINALIDADE
(TIPO DE ACTIVIDADE)
Mesa redonda.



DURACIÓN

Actividade dividida en varias sesións, xa que é preciso organizar unha mesa redonda.



MATERIAIS

Ordenador con conexión a internet. Folios. Bolígrafos/lapiseiro. Papel continuo. Rotuladores cores. Os materiais necesarios para a mesa redonda.



OBXECTIVO

Dar a opinión e investigar sobre o que pensan outras persoas sobre diferentes aspectos da educación, como inflúen as situacións de pobreza infantil e adolescente na igualdade de oportunidades educativas e propor melloras



ANTES DA ACTIVIDADE

Ver cada unha das noticias por parte do equipo educativo para ver se se queren presentar todas ou elixir algunhas, así coma entender que se di para poder explicar ó grupo sen ter que se deter exhaustivamente en cada noticia, o que levaría moito tempo.

“CONVERSANDO CON EDUCACIÓN”

DESENVOLVEMENTO

1º. Ensínase ó grupo diversas novas que falan sobre a pobreza infantil e a educación. Fálase sobre a súa opinión ó respecto e vanse apuntando as opinións nun papelógrafo.

- [Educación integral: clave para romper los círculos de pobreza y violencia de miles de menores.](#)
- [Un sistema educativo que atornilla la pobreza.](#)
- [La vuelta al cole más compleja.](#)
- [Expertos en educación advierten de la “urgente necesidad” de garantizar el comedor escolar a niños en riesgo de pobreza.](#)
- [Alimenta su educación.](#)

2º. Entre todo o grupo lese o artigo 28 da [Convención sobre os Dereitos do Neno](#) sobre o dereito á educación e fálase do que é un recurso educativo.

- Art. 28 da CDN. “1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do neno á educación e, a fin de que poida exercer progresivamente en condicións de igualdade de oportunidades ese dereito”.

Ligazón a [versión adaptada da CDN](#) para mozas e mozos de 13 a 18 anos. ([versión pdf](#)).

3º. Convidase ó grupo a seguir a investigar sobre estas cuestións, ver se ocorre na contorna máis próxima e que o causa ou condiciona. Para isto proponse organizar unha mesa redonda na que se debata sobre esta cuestión. Pode ser unha mesa redonda en liña ou presencial

4º. Entre todo o grupo decídense diferentes aspectos para organizar esta mesa redonda:

- Día e hora.
- Se vai a ser presencial ou en liña.
- Lugar.
- A que persoas se quere convidar para falar deste tema: outras mozas e mozos, persoas expertas, as súas familias, as súas educadoras ou os seus educadores, persoas do instituto, etc.
- Que materiais necesitarían: ordenador, proxector, folios, encerado, etc..

5º. Créanse diferentes equipos ou comisións de traballo con diferentes funcións e tarefas para organizalo:

- Comisión de invitación: redactar a invitación e enviala.
- Comisión de loxística: prepara-los materiais necesarios para ese día como cadeiras, encerado, proxector, etc.
- Comisión de dinamización: facer a escaleta do acto, organizar as intervencións, as preguntas que se van lanzar e quen vai moderar.
- Comisión de recollida de opinións: anotar tódalas ideas que se vaian dicindo nun mural visible.
- E outras comisións que se crean necesarias unha vez decidido como vai ser a actividade.

13 A 17
ANOS



Educativo

“CONVERSANDO CON EDUCACIÓN”

DESENVOLVEMENTO

6°. Unha vez feita a mesa redonda, o grupo vólvese a reunir outro día para avaliar como foi a actividade e debater as opinións dadas polas persoas invitadas, relacionándoas coas opinións que se escribiron no papelógrafo do inicio da actividade. Vanse dando propostas a cada unha destas ideas coas opinións recollidas da mesa redonda, reagrupando as ideas parecidas en “nubes de opinión”.

Un exemplo. Se unhas das opinións que da o grupo ó principio é que ven que hai diferenza entre as posibilidades que se ofrece ó alumnado nos colexios públicos e privados e algunhas das opinións recollidas das persoas expertas vai en esa liña... débátese, fanse propostas que poidan mellorar ese aspecto e escríbese a proposta xunto a esa nube de opinión: que se dea máis orzamento ós centros educativos das zonas coas rendas máis baixas ou que se faga unha lei para que toda a educación sexa pública en igualdade de condicións ou que os centros concertados non teñan veto a determinado alumnado.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

Que viches/que sabes (observación)

- Que noticia está máis relacionada coa infancia e pobreza?
- Tódolos centros educativos teñen os mesmos recursos (materiais, actividades, profesorado, etc.)? Por que?

Que pensas (reflexión)

- Credes que hai igualdade ou desigualdade de oportunidades entre o alumnado de todo o país? Por que pensades iso se a educación e un dereito universal?
- Como inflúe a situación de pobreza ou vulnerabilidade na educación de nenas, nenos e adolescentes?

Que propós (propostas)

- Que se debería facer para garantir que tódalas nenas, nenos e adolescentes teñan igualdade de oportunidades no sistema educativo?
- Como se podería favorecer o acceso ós recursos educativos para a infancia e a adolescencia máis vulnerable?

LIGAZÓN AO FORMULARIO ENVORCADO DE CONCLUSIÓNS

13 A 17
ANOS



Educativo